

Condições de inscrición e participación na formación en carpintaría de ribeira

As cinco prazas libres de formación adxudicaránse por rigorosa orde de inscrición e tendo prioridade as persoas empadroadas no concello de Outes e que non sexan membros da asociación “Terra de Outes”. Nos primeiros quince días naturais dende a apertura do prazo de inscricións priorizaranse, por rigorosa orde de inscrición, atendendo a criterios de paridade de xénero e a persoas mozas en idade laboral.

As persoas que soliciten a inscrición no proxecto de recuperación do Sancosmeiro e formación en Carpintaría de Ribeira deberán aceptar as seguintes condicións:

- No primeiro ano de formación dúas faltas inxustificadas causarán baixa e correrá a lista de agarda perdendo a/o inscrito o dereito de participación no proxecto, nos seguintes anos aplicarase a baixa automática ao faltar a máis dun 20% das actividades dese exercicio.
- Só se consideran faltas xustificadas enfermidade e cuestións de forza maior das que se presenten probas documentais.
- As persoas inscritas comprométese a seguir as normas e indicacións do plan seguridade e do persoal docente. O incumplimento das indicacións pode supoñer a expulsión ou baixa forzosa.
- As persoas inscritas autorizan o cese dos dereitos de imaxe para a toma de fotografías e vídeos documentais ao longo de todo o proceso. O material de protección individual e similares correrán a conta das persoas inscritas.

O concello de Outes gárdase o dereito a modificar, puntualmente, o calendario de sesións formativas por motivos de índole loxística e organizativa ou de forza maior.

